RESUMO DO DOCUMENTO DESCARGABLE DA UNIDADE 6

1. OS POETAS DAS IRMANDADES DA FALA. ESQUEMA RAMÓN CABANILLAS

O POETA	OBRA	CARACTERÍSTICAS	ESTILÍSTICA E LINGUA
Cambados, 1876 – 1959.			Ten a vontade de crear un modelo de lingua culto válido para a escrita literaria.
Etapa pregaleguista (1910 -1915) Etapa influenciada polo movemento agrario liderado por Basilio Álvarez.	*No desterro. Visións gallegas* (1913). *Vento mareiro* (1915) [1]	• Poeta intimista (o amor, a saudade e o desterro). • Poeta descritivo (a aldea e o mar). • Poesía cívica asociada ao agrarismo (labrego fronte a cacique e aldea fronte a vila) cunha actitude exaltada.	Comeza a incorporar as primeiras influencias métricas e estilísticas do modernismo rubendariano (ambientación exótica con princesas e xardíns, preciosismo verbal e sinestesias**)**. Alén disto, emprega metros populares: octosílabos e hexasílabos; e clásicos: hendecasílabos (11) nos sonetos.
Etapa galeguista (1915 – 1920) Influenciada polo nacionalismo das Irmandades da Fala.	*Da terra asoballada* (1917)	• Poesía cívico-nacionalista: Galicia contraposta a Castela, cunha actitude menos exaltada.	Continúa as tendencias anteriores. Na poesía cívica o estilo é mais directo e prosaico.
Etapa mítico-saudosita (1920 – 1931) Influenciada por Eduardo Pondal. Enxalza con saudade o pasado glorioso de Galicia –a época celta do rei Artur- para espertar a conciencia galeguista (didactismo). Vaticina un futuro esperanzador xa que o rei Artur está nunha ribeira galega á espera de tempos mellores.	*Na noite estrelecida* (1926) Poesía épica dividida en tres sagas: 1. «A espada de Escalibor», Artur é nomeado rei de Caledonia tras erguer a espada máxica que procede da Illa de Sálvora. 2. «O cabaleiro do San Grial», Galahaz encontra o Graal no Cebreiro. 3. «O sono do rei Artur», despedida do rei pouco antes	• Poesía narrativa. • Ton solemne e maxestático. • Ton épico (aventuras). • Misticismo relixioso. • Nacionalismo. • Poesía lírica con influencias estilísticas do modernismo.	**Oracións subordinadas**: uso de copretéritos e pretéritos, uso de verbos *dicendi* «*acaesceu que*». **Arcaísmos**: El-Rei, El Señor, léxico culto (*nimbo sonoro***)**; hipérbatos (*os brazos sarmentosos o bardo ós ceos tende*), voz pasiva... **Lentitude narrativa:** hipérboles (ergueito como un pino que as nubes fende). **Símbolos relixiosos** como a espada (a cruz), o Graal (o vaso sagrado) e

[1] Ambas as dúas publicadas na Habana.

	de mergullarse nun sono de que espertará nun tempo futuro para gloria dos pobos célticos.		a aguia (a ascensión). Galicia aparece descrita como un locus amoenus, o Graal encóntrase no Cebreiro, a espada ten orixe galega e a furna en que está Artur é galega. Símbolos nacionalistas, como os dolmens e os castros. **Na métrica:** emprego de versos alexandrinos (14 sílabas), e dun regular ritmo acentual que lle confire musicalidade ao verso. **No estilo:** sinestesias visuais, olfactivas (*Nun nimbo lumioso surde o bardo adiviño/envolveito en brancuras recendentes de liño*) e auditivas (*Estalan con balbordo de trunfadores hinos/no esguío campanario os atronantes sinos*), que poñen en destaque a ambientación máxica, atmosfera en certa medida exótica, tan propia do modernismo.
Etapa mística (1939 – 1959) Poesía de contemplación e de introspeción.	*Da miña Zanfona* (1954)	Sobre a vida e a morte.	
	Samos (1958)	Comuñón coa natureza para lograr o equilibrio interior.	
	Antífona da Cantiga (1950)	Recompilación de cántigas populares que pon en marcha a editorial Galaxia.	
	Versos de alleas terras e tempos idos (1955)	Traduce e adapta poemas gregos, latinos, ingleses e alemáns.	
	O bendito san Amaro (1925), incluído na súa obra completa *Camiños no tempo* (1949).	Romance en octosílabos que narra o pecado de don Amaro de Arentei, personaxe lendario da tradición popular da comarca do Salnés.	
Ramón Cabanillas considerouse a síntese e a superación do Rexurdimento. Do XIX segue a poesía social de Curros, a liña descritiva e intimista de Rosalía, e o ton épico de E. Pondal; no entanto é o escritor máis sobresaliente da época por renovar a poesía impregnándoa de influxos modernistas, saudosistas e simbolistas, afastándose da poesía realista pero sempre cunha finalidade patriótica.			

1.1. ESQUEMA. A. NORIEGA VARELA

O POETA	OBRA	TEMÁTICA	MÉTRICA/RECURSOS	LINGUA
Mondoñedo 1869 – Viveiro 1947. Estivo influenciado pola amizade con Leiras Pulpeiro, Otero Pedrayo, Aquilino Iglesia, e pola literatura portuguesa, principalmente polo saudosista Teixeira de Pascoães.				En xeral a lingua é popular, con presenza de vulgarismos, dialectalismos e castelanismos.
Poeta tradicional Influenciado pola poesía popular de tradición oral.	*De ruada* (1895) *Leite fresco* (1898)	Costumes populares	Versos de arte menor (principalmente octosílabos) e de rima asonante. Tendencia ao epigrama ou composición breve e ao uso de romances (-a-a). Da **literatura popular** toma a prosopopea, o frecuente diminutivo en –iño, e o uso do paralelismo en calquera das súas manifestacións: anáforas, similidecadencias..	Linguaxe popular Léxico enxebre patrimonial (*brañego, doíña, raiola*) e dialectal (*carpaza*...). Expresións coloquiais: «*Tróuxoa o demo á terra nosa*» Vocabulario sobre todo referente ao campo semántico da flora rural (*urces, flores de toxo*...)
	Montañesas (1904)	Poesía centrada arredor da montaña cun ton descritivo.		
	A virxen i-a paisanaxe (1913)	101 cantigas populares dirixidas á Virxe que exemplifican a relixiosidade da que está impregnada a súa obra.		
	Como falan os brañegos I e II (1928 e 1930)	Recompilación de vocabulario, refráns e frases feitas do pobo.		
Poeta lírico-intimista Influenciado polos poetas portugueses saudosistas (Teixeira de Pascoães principalmente), e polos poetas clásicos (Virxilio e Horacio).	*Do ermo* (1920) De 1946 data a edición derradeira, que inclúe a súa obra completa.	Poesía intimista arredor da paisaxe solitaria do ermo da montaña, o beatus ille do poeta. Desta paisaxe prefire as pequenas e humildes cousas (un pequeno verme, un brión, as pingas de orballo, a chorima, unha pucharquiña...)	Versos de arte maior, principalmente hendecasílabo sáfico. Frecuente uso do soneto composto por dous cuartetos (ABBA) ou dous serventesios (ABAB) + dous tercetos. Da literatura culta toma a metáfora e a sintáxe clásica no uso do hipérbato.	Linguaxe máis depurada Introduce léxico culto (*fulgurante, nume*...) Ortografía etimolóxica ou pseudoetimolóxica (*reyna, captivante, symbolizar, mystycas*...). Vocabulario abstracto, froito do intimismo (*atavío, soberbio, nudez, vagaroso, chover*...). Arcaísmos (El Señor, merescían, nascen...)
Apreciacións	Foi chamado o «cantor da montaña ». Destacou no panorama literario por iniciar a corrente neovirxilianista ou de «paisaxismo humanístico» (descrición da paisaxe cun estilo e unha linguaxe cultos) que despois seguirán poetas como Crecente Vega, Aquilio Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro. Ocasionalmente foi poeta cívico (nuns poucos poemas anticaciquís –non pasan de 5-) e satírico-burlesco mostrándose defensor do nacente réxime franquista, contrario á República, ao galeguismo, á ideoloxía das Irmandades da Fala sobre todo por non aceptar unha estandarización da lingua galega válida para os futuros campos aos que se abriría a nosa lingua. Para el a lingua galega era labrega e no debería saír do ámbito labrego.				

1.2. OUTROS POETAS DO TEMPO DAS IRMANDADES DA FALA

O modernismo e as tendencias post-simbolistas finiseculares encontran eco tamén noutros poetas das Irmandades, influídos pola obra de Ramón Cabanillas ou que realizan de forma persoal o tránsito do XIX á modernidade. É o caso de:

O POETA	OBRA	TEMÁTICA E CARACTERÍSTICAS
Gonzalo Lopez Abente (Muxía, 1878 – 1963)	*Escumas da ribeira* (1913), *Alento da raza* (1918), *Do outono* (1924), *Nemancos* (1929), *Cintileos nas ondas* (1958), *Decrúa* (1966), *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca* (1971).	Os tres primeiros conteñen lírica amorosa e poemas de loita, con algúns elementos modernistas ao xeito da poesía de Cabanillas. O uso do alexandrino é moi frecuente sobre todo no segundo libro; e no terceiro opta polo hendecasílabo para ofrecernos sesenta sonetos de temática diversa (paisaxísticos, moralistas, patrióticos...). Nos dous libros seguintes o motivo principal é o mar e as paisaxes da súa terra; abandonada a retórica dos primeiros libros, a súa obra gaña en intimismo e sinxeleza.
Victoriano Taibo García (Compostela, 1885 – Vigo, 1966)	*Abrente* (1922)	A súa poesía segue as direccións dos primeiros libros de Cabanillas: costumismo, lirismo intimista e poesía de loita.
Xosé Crecente Veiga (Castro de Rei, Lugo, 1886 – 1948)	*Codeseira* (1933)	Libro de temática campesiña, na liña tradicional da poesía galega do século XIX.
Francisca Herrera Garrido (A Coruña 1869 – 1950)	*Sorrisas e bágoas* (1913), *Almas de muller... ¡Volallas n'a luz!* (1915) e *Frores do noso paxaresco* (1919)	Amosan unha temática rural desde unha perspectiva feminista. Continúa co movemento romántico realista de Rosalía de Castro.
Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo 1854 – 1912)	*Cantares gallegos* (1911)	Poemas de tipo popular e costumista, patriótica e satírica.

2. OS POETAS DA XERACIÓN NÓS

Debemos salientar por un lado a obra lírica de **Otero Pedrayo** recollida en tres colleitas. Dunha parte están os poemas publicados por Fernández del Riego na súa *Escolma de poesía galega IV,* doutra ese pequeno volume intitulado *Bocarribeira* e outro pequeno grupo dado á luz na revista Grial.

E por outro o labor poético **de Vicente Risco**, aínda que non é o máis abondoso da súa produción, a poesía vai ser obxecto de interese para Risco, non só como espallador e popularizador de elementos estéticos vangardistas a través das súas colaboracións en *A Nosa Terra,* senón que el mesmo publica nesta mesma revista algunhas composicións poéticas de maior ou menor tinte vangardista. É ó caso do **poema futurista** «*U...ju ju*»

3. ESQUEMA. AS VANGARDAS

A POESÍA DAS VANGARDAS		
Os anos 20 e a primeira metade dos 30 supuxeron a incorporación das vangardas europeas (creacionismo, imaxinismo, cubismo, surrealismo, futurismo e ultraísmo) á poesía galega grazas a autores moi novos como Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, e outros como Álvaro Cunqueiro, Euxenio Montes, Roberto Blanco Torres ou Manuel Luís Acuña.		
«Folletíns» de proclama dunha nova literatura	*Manifesto Máis Alá!.* *Prólogo dun libro de poemas que ningúen escribeu.* *Fatiguémonos*	Estes manifestos proclaman ante a xuventude os seguintes aspectos: • Romper coa literatura paisaxística e cívica anterior. • Provocar por ir contra o «o vello» e querer presentar unha poesía nova. • Afastarse da realidade ollando esta dunha maneira diferente. • Renovar a linguaxe e os recursos estilísticos.
Revistas de difusión poética	As revistas foron o órgano principal a través do cal se deu a coñecer a nova poesía por toda Galicia: nos anos 20, *Ronsel* en Lugo e *Alfar* na Coruña; nos anos 30, *Cristal* en Pontevedra; *Galiza* e *Papel de color* en Mondoñedo; *Yunque* en Lugo e *Resol. Hojilla volandera del pueblo*, en Santiago.	
As vangardas en Galicia	**A vangarda plena,** a máis innovadora.	Representada polo **creacionismo** de **Manuel Antonio** na obra de *Catro a catro.* • Metáforas innovadoras froito de asociacións insólitas. • Simboloxía marítima relacionada co existencialismo (o mar é a existencia e o barco, o home). • Antirromanticismo. • Desmitificación de elementos tópicos da literatura (a auga –H_2O ou a Lúa). • Renovación da linguaxe (neoloxismos, linguaxe técnica marítima, anglicismos) e da métrica (verso libre, ausencia de estrofa e alteracións na sintaxe). • O humor froito da dimensión lúdica do poema.
		Outras obras de Manuel Antonio, menos innovadoras, son *Con anacos do meu interior, Foulas, Sempre e máis dispois, Viladomar.*
	Vangarda moderada, a menos innovadora e a que máis perdurou, xa que abrangue parte da poesía de posguerra.	O **hilozoísmo** representado por **Roberto Blanco Torres** (*Orballo de media noite*), **Euxenio Montes** (*Versos a tres cás o neto*), **Amado Carballo** (*Proel* e *O galo*) e **Manuel Luís Acuña** (*Fírgoas*). Este movemento poético baséase: • Na animación da natureza e no subxectivo cromatismo que crea orixinais sinestesias. • Na métrica, máis tradicional ca no creacionismo: verso octosílabo e rima asonante.
		O **neotrobadorismo,** representado por **Fermín Bouza Brey** (*Nao Senlleira*), **Xoán Vicente Viqueira** ou **Álvaro Cunqueiro** (*Cantiga nova que se chama riveira*). • Recupera a estilística da cantiga de amigo: refrán, paralelismo, leixaprén e léxico medieval; así como a voz lírica feminina. • Imaxes innovadoras, propiamente vangardistas.
	Á parte destes movementos de renovación podemos falar de influencias doutros ismos como o **surrealismo** (en *Poemas do si e non* de Cunqueiro), **cubismo** (uso do caligrama en Manuel Antonio) e **futurismo** e **ultraísmo** en Roberto Blanco Torres.	